

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUROS

*Aprobación definitiva das bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros*

#### ANUNCIO

**Aprobación definitiva das bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros**

O Pleno do Concello de Muros en sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2019, acordou aprobar inicialmente as bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros.

O anuncio da aprobación inicial destas bases publicouse no BOP n.º 211 de 6 de novembro de 2019, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)

Transcorrido o prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados e interesadas, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da LBRL, as bases da convocatoria xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros, enténdense definitivamente aprobadas

Ditas bases, que se transcriben a continuación, entran en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP

**“Bases Xerais reguladoras da convocatoria das subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a Asociacións de Nais e Pais de Alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no concello de Muros**

#### **Artigo 1. Finalidade e obxecto**

É obxecto destas bases reguladoras fixar o réxime de concesión de subvencións para a realización de programas ou actividades de apoio educativo polas ANPA dos centros de ensino público do termo municipal que sexan solicitadas ao Concello de Muros, conforme o procedemento que a continuación se establece.

En concreto as actividades obxecto de subvencións serán as seguintes:

Programas e actividades de apoio educativo, en particular aquelas destinadas a actividades educativas desenvolvidas nos centros de ensino fóra do horario escolar que contribúan á formación integral das persoas en período de escolarización e favorezan a conciliación laboral das familias; gastos de persoal para a dirección e coordinación e desenvolvemento das actividades e material funxible necesario.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade e de protección contra a violencia de xénero, non é subvencionable ningunha actividade ou actuación que inclúa contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que inciten á desigualdade ou violencia.

#### **Artigo 2. Procedemento de concesión.**

A resolución dos programas e a concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, con cargo aos orzamentos municipais do Concello de Muros para a anualidade correspondente.

#### **Artigo 3. Requisitos dos beneficiarios, condicións, gastos subvencionables e solicitudes**

##### **3.1. Requisitos.**

Poderán optar aos programas contidos nesta convocatoria as entidades que cumpran o estipulado no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, e en todo caso reúnan os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas, como ANPA dos centros de ensino públicos do Concello de Muros

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Muros.
- Non estar afectadas por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
  - Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello, coa Seguridade Social e coas Facendas do Estado e Autonómica.
  - Non poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### 3.2. Condicións.

- As entidades poderán solicitar só un proxecto de actividade.
- O proxecto deberá contar cun nivel de autofinanciamento da propia entidade de polo menos o 10% do seu importe.
- A entidade non deberá ser beneficiaria de ningunha outra axuda económica durante a mesma anualidade do Concello de Muros para a mesma actividade.
- Comprometerse a empregar a lingua galega en toda a publicidade, publicacións, Internet, actos públicos ou material que se cree relativo á actividade subvencionada.
- Debido a que nas actividades obxecto destas axudas participarán menores de idade, as entidades solicitantes asumen a responsabilidade de que o persoal que realice as mesmas cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor.

### 3.3. Gastos subvencionables.

Os gastos subvencionables para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención serán unicamente os gastos de carácter corrente e gastos de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización das actividades subvencionadas; en ningún caso bens inventariables.

Respecto dos gastos de transporte terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

#### Gastos non subvencionables:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).
- Os gastos de adquisición de bens inventariables.
- Os gastos de adquisición de bens destinados á venda.
- Os gastos financeiros.
- Os gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, comidas protocolarias, gastos en galas ou celebracións).
- Os gastos suntuarios.

### 3.4. Solicitudes e documentación.

3.4.1. Solicitudes. As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, no Rexistro do concello e na páxina web [www.muros.gal](http://www.muros.gal), na Sede electrónica.

A persoa que realice a solicitude deberá de estar debidamente acreditado coma representante da entidade solicitante, presentando se non constara no Concello, documentación acreditativa deste extremo.

#### Achegarase tamén a seguinte documentación:

##### 3.4.2. Documentación xeral da entidade.

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade
- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF da persoa representante.
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello, coa Seguridade Social e coas Facendas do Estado e Autonómica, ou autorización ao respecto.
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.
- Declaración orixinal da persoa representante de non estar afectada por causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública, e de aceptación das bases da convocatoria.

- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Muros en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

- Acordo da entidade de aprobación da solicitude de subvención para o proxecto que se solicite.

En aplicación do establecido no artigo, 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os solicitantes terán dereito a non presentar aqueles datos e documentos que xa estean en poder da Administración ou que foran elaboradas por esta, sen prexuízo de que voluntariamente a aporta novamente a requirimento deste Entidade.

#### 3.4.3. Documentación específica da subvención.

- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar. A memoria deberá mencionar o número de alumnado que está previsto participe directamente no proxecto ou actividade solicitada, así como o doutras persoas beneficiadas directa ou indirectamente da axuda, o calendario fixado e o compromiso de uso do galego.

- Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.
- Memoria explicativa das actividades realizadas pola entidade durante o último ano.
- Orzamento estimativo de ingresos e gastos do proxecto para a actividade solicitada.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de estar compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser corrixido no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

### Artigo 4. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

#### 4.1. Presentación ordinaria:

As solicitudes presentaranse por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### 4.2. Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será de un mes a partir da data de publicación da Convocatoria específica referida a estas Bases no BOP da provincia da Coruña.

### Artigo 5. Criterios de outorgamento da subvención

#### 5.1. Valoración das solicitudes.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar, valorando as seguintes circunstancias:

##### 5.1.1 – Criterios avaliados mediante informe:

- Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista educativo: 20 puntos.
- Carácter integrador do proxecto: 20 puntos.
- Carácter continuado e non ocasional do proxecto: 10 puntos.
- As actividades realizadas pola entidade durante o último ano: 15 puntos.
- Adecuación das actividades que se van realizar ao interese municipal: 15 puntos.

O informe ao que se refire este apartado será elaborado polo persoal técnico da área de Educación do Concello de Muros, integrado na Comisión avaliadora.

##### 5.1.2 – Criterios cuantificables mediante fórmulas ou tramos

- Nivel de autofinanciamento derivado da solicitude: 10 puntos.

Nivel de autofinanciamento	puntuación
10% < 15%	2
15% < 20%	4
20% < 25%	6
25% < 30%	8
+ de 30%	10

- Número de alumnado afectado directamente polas actividades subvencionadas: 10 puntos.

Persoas beneficiarias	puntuación
10 < 20	2
20 < 30	4
30 < 40	6
40 < 50	8
+ de 50	10

#### Artigo 6. Contía das subvencións

O Concello de Muros, a través da convocatoria específica, poderá conceder subvencións de ata un máximo de 2.000,00 € por proxecto. A contía de todas as axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria será con cargo a aplicación orzamentaria 322.48000.

#### Artigo 7. Resolución dos programas. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións, previa convocatoria específica aprobada pola Alcaldía para a anualidade correspondente, unha vez cumpridos os prazos e trámites previstos nas presentes bases xerais, será aprobada por unha resolución do Órgano competente, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

Conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta: alcaldesa do Concello de Muros.
- Secretario: secretario/a municipal, que participará con voz pero sen voto.
- Vogais: A concelleira delegada de Cultura e Educación do Concello de Muros, o interventor, ou funcionario do departamento de Asuntos Económicos no que delegue e un/unha técnico da área de Educación.

Noméase coma Órgano Instrutor, coas funcións previstas nos artigos 24 da Lei Xeral de Subvencións e 21 da Lei de Subvencións de Galicia, a persoa que teña funcións de técnico da área de Educación do Concello de Muros

O órgano instrutor da tramitación administrativa do expediente, á vista da documentación que consta neste e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras ou, se fora o caso, co informe emitido pola Comisión Técnica se estivera prevista, formulará a vista do informe emitido polo persoal técnico da área de educación un informe proposta de resolución de concesión e disposición do gasto, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado. A Alcaldía do Concello de Muros ditará resolución de concesión, que deberá notificárselles ás entidades interesadas na forma prevista no apartado seguinte. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polas persoas interesadas.

#### 7.1. Notificación e publicidade da resolución

A resolución de concesión notificarase expresamente a todas as entidades solicitantes de forma fidedigna nun prazo máximo de tres meses dende a data límite de presentación de solicitudes. As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Muros e na súa páxina web [www.muros.gal](http://www.muros.gal).

Vencido o prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa á persoa interesada deberá entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Concederáselles un prazo de audiencia de 10 días hábiles para presentaren, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polas persoas interesadas.

## Artigo 8. Xustificación e pagamento

### 8.1. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións **finalizará o día 26 de decembro da anualidade correspondente**. Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, previa solicitude da entidade beneficiaria antes de que remate o prazo de xustificación, o prazo rematará o día 31 de xaneiro do ano seguinte da convocatoria.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo inicial ou do prorrogado, o Concello de Muros, mediante a resolución correspondente, iniciará expediente de declaración de procedencia de perda de dereito de cobro da subvención, con aplicación do procedemento previsto no artigo 89 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións 38/2003. No caso de terse producido o pago anticipado, procederase ao inicio do expediente de reintegro, de conformidade co disposto no artigo 92 do RD 887/2006, de 17 de novembro. A resolución final notificaráselle á entidade da que se trate.

### 8.2. Consideracións xerais

- A cantidade que hai que xustificar será: a cantidade outorgada máis a porcentaxe de autofinanciamento marcada pola propia entidade, que será un mínimo do 10% da cantidade outorgada.
- O importe das subvencións concedidas non poderá ser en ningún caso de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.
- Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Muros, situación que determinará de oficio o propio Concello; así como estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### 8.3. Forma de pago. Pagos a conta e pago anticipado.

De xeito xeral as subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, e faranse efectivas a medida que vaian sendo xustificadas. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada no Concello de Muros. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

Poderá realizarse o pago anticipado, sen a constitución de garantía, sempre que a entidade faga constar tal extremo na solicitude e se aprobe este procedemento de pago polo órgano competente. O anticipo pode acadar o 100 por 100 da subvención concedida.

Non se procederá o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

## 4. Documentación xustificativa

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada, mediante a achega da documentación que, deseguido, se sinala:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.
- Publicidade xerada da actividade na que conste a imaxe corporativa do Concello de Muros así como a súa colaboración.
- No caso de non realizar publicidade deberá presentar unha declaración na cal se manifeste que a entidade non realizou ningún tipo de publicidade.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter concedidas subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas, que se han de referir aos gastos presentados na solicitude desta subvención e que se consideraran subvencionables. No caso de gastos de transporte deberá acreditarse que os mesmos están directamente vinculados cas actividades subvencionadas.
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas presentadas nos que deberán aparecer o pagador (entidade) e o/a beneficiario/a (empresa titular que emite a factura).

- Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse unha certificación da administración outorgante na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificadas e período ao que se refiren os gastos.

- Declaración orixinal de estar ao corrente de todas as obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tramitación da xustificación

Entenderase que o gasto está realizado coa chegada da documentación sinalada na base 8.4 anterior.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo entenderáselle desistido da súa petición de subvención, previa resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015.

#### **Artigo 9. Compatibilidade**

- A entidade non poderá ser beneficiaria de ningunha outra axuda económica no Concello de Muros durante a anualidade que corresponda para a mesma actividade.

#### **Artigo 10. Incumprimentos e sancións**

A falta de presentación da documentación no prazo establecido na base 9.1 suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

Se a cantidade xustificada fora inferior á concedida, máis o 10% de autofinanciamento, a contía a ingresar quedará minorada na mesma porcentaxe que a xustificación presentada. Se a xustificación non acadou o 50%, anularase a subvención, por entender que non acadou a súa finalidade.

#### **Artigo 11. Fin da vía administrativa**

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa, sendo susceptible de recurso de reposición perante o mesmo órgano que resolva, conforme o dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, no prazo de un mes a contar dende a día seguinte da recepción da notificación, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

#### **Disposición final**

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.



## CONCELLO DE MUROS

### ANEXO I (FASE DA SOLICITUDE)

PROCEDEMENTO	CÓDIGO	DOCUMENTO
Bases reguladoras da convocatoria das subvencións dirixidas a ANPAs para a realización de actividades de reforzo educativo no ano 2020.		<b>SOLICITUDE</b>

#### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE
<input type="text"/>		<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

#### ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

REPRESENTANTE (NOME E APELIDOS)		
<input type="text"/>		
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

#### DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR	
<input type="text"/>	
CONTÍA DO PROXECTO	CANTIDADE SOLICITADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
SOLICITA O PAGO ANTICIPADO DA SUBVENCIÓN COCEDIDA POLO CONCELLO DE MUROS	
<input type="checkbox"/>	

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Copia do NIF da entidade (só no caso de que non fose entregada anteriormente).
- Copia dos estatutos da entidade (só no caso de que non fose entregada anteriormente).
- Acordo de solicitude da subvención
- DNI do representante e documentación acreditativa da representación.
- Orzamento desagregado do programa ou actividade (anexo III).
- Memoria do proxecto para o que solicita a axuda (anexo III).
- Resumo das actividades levadas a cabo no último ano (anexo III).
- Calendario da execución do programa ou actividade (anexo III).
- Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias e non estar incurso en incompatibilidade (anexo II).
- Declaración das axudas concedidas e/ou solicitadas, para o mesmo fin, ás administracións públicas (anexo II).
- Certificado do número de conta no que se ingresará a contía.
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Muros (Anexo IV)

#### SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDAD

Lugar e data	
<input type="text"/>	, <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>
Alcaldesa do Concello de Muros	



**CONCELLO  
DE MUROS**

ANEXO II (FASE DA SOLICITUDE)

**DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN S E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBIÇÕES PARA OBTEN A CONDICIÓ N DE BENEFICIARIO/A DAS AXUDAS**

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME DA ENTIDADE

NIF

--	--

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓ N**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

--	--	--	--

**DECLARA:**

- Non ter solicitadas outras axudas públicas para o proxecto.
- Ter solicitadas axudas e subvencións para este proxecto, dos organismos que a continuación se relacionan.

**AXUDAS CONCEDIDAS**

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓ N REGULADORA

**AXUDAS SOLICITADAS**

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓ N REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante **DECLARA** que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que se encontra ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Concello, Seguridade Social e Facendas Estatal e Autonómica.

E para que así conste ante o Concello de Muros, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

**SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE**

Lugar e data

--	--	--	--	--	--	--	--	--





**CONCELLO  
DE MUROS**

ANEXO III (FASE DA SOLICITUDE)

**MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIMENTO**

NOME DO PROXECTO

--

BREVE MEMORIA DO PROXECTO OBXECTO DE AXUDA

--

PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTA E INDIRECTAMENTE

--

CALENDARIO FIXADO PARA A ACTIVIDADE (TEMPORALIZACIÓN)

--

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS

INGRESOS		GASTOS	
CONCEPTO	CANTIDADE (€)	CONCEPTO	CANTIDADE (€)
<b>TOTAL</b>		<b>TOTAL</b>	

ACTIVIDADES REALIZADAS NO ÚLTIMO ANO

--

**CONCELLO  
DE MUROS**

## ANEXO IV (FASE DA SOLICITUDE)

**INFORMACIÓN SOBRE A ENTIDADE SOLICITANTE E O PROGRAMA / ACTIVIDADE**

NÚMERO DE ACTIVIDADES DE REFORZO EDUCATIVO REALIZADAS NO ANO ANTERIOR

CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL DO PROXECTO. NÚMERO DE EDICIÓNS REALIZADAS

CARÁCTER INTEGRADOR DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE

NIVEL DE AUTOFINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE (%)

NÚMERO DE ALUMNADO AFECTADO DIRECTAMENTE POLO PROGRAMA OU ACTIVIDADE

**OUTROS DATOS QUE A ENTIDADE CONSIDERE OPORTUNOS PARA A VALORACIÓN DO PROXECTO**

Así mesmo, a entidade comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Muros en toda a información que se realice do desenvolvemento da actividade así como a que esta se fará en galego.

E para que así conste ante o Concello de Muros, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

**SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE**

Lugar e data

 ,  de  de





**CONCELLO  
DE MUROS**

ANEXO VI (FASE XUSTIFICATIVA)

**DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBIÇÕES PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DAS AXUDAS**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DECLARA:**

- Non ter concedidas outras axudas públicas para o proxecto.
- Ter concedidas axudas e subvencións para este proxecto, dos organismos que a continuación se relacionan.

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante **DECLARA** que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que se encontra ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Concello e Seguridade Social.

E para que así conste ante o Concello de Muros, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

**SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE**

Lugar e data

,  de  de

En Muros a 8 de xaneiro de 2020.

A Alcadesa,

María Inés Monteagudo Romero